



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. José Antonio Rodríguez Vázquez  
D. José Pose Blanco  
D. José Tojo Suárez  
D. Manuel González Piñeiro  
D. José Barreiro Somoza  
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal  
D. Xulio Pardellas de Blas  
D. Andrés Ramón Trillo García  
D. Xosé Luís Legido Soto  
D. Alberto Alonso Costas  
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela  
Dª Carmen Becerra Suárez  
D. José Luis Capelo Martínez  
D. Xosé Manuel Cid Fernández  
D. José Mª Correa Otero  
D. Antón Fernández Álvarez  
Dª Esperanza Fernández Gómez  
D. Manuel Xesús Fontán Bouzas  
Dª Mª do Carmo Henriques Salido  
D. Juan Janeiro Vilaboa  
Dª Mª del Pilar López Vidal  
D. José Mira Penedo  
Dª Camino Noia Campos  
D. Guillermo de Oca Cancela  
D. Angel Pereira Díaz  
D. Cándido Pérez Betanzos  
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor  
Dª Ana Belén Reboredo Fernández  
D. Celso Rodríguez Fernández  
D. Eduardo Rubiales Camino  
D. José A. Sampayo Fernández  
D. José Manuel Santos Suárez  
D. Francisco Tugores Martorell  
Dª Mª Teresa Viñas Gil  
Dª Asunción García Carro (UXT)  
D. José A. Veiro García (CC.OO.)  
D. Horácio A. Vilhar Suarez (CIG)

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o catro de novembro de mil novecentos noventa e sete, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O martes, **día 4 de novembro de 1997**, ás 10.40 horas, celebrouse sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Asuntos urxentes de Profesorado: a) Prazas BOE; b) Transformacións; c) Contrato de baixa por maternidade; d) Contratos profesores propios; e e) Asuntos de POD.
- 2º.- Recurso presentado por dona Mª do Carmo Henriques Salido.
- 3º.- Asuntos de Xerencia: a) Aprobación, se procede, da convocatoria de oposicións de Persoal Laboral grupo III; b) Aprobación, se procede, da delegación no Xerente para a elaboración das bases da citada convocatoria.
- 4º.- Convocatoria de eleccións para a renovación do Claustro Universitario.

Preside a sesión o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez e actúa coma Secretario o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, trátanse en primeiro lugar as prazas de saída a BOE; sobre a praza do Dpto. C04, A220, TIT-UN, Vigo, ocupada polo profesor Yanes Puga, aprobada na sesión celebrada pola Xunta de Goberno o pasado 16-10-97, preséntanse escritos do Departamento de "Ecología e Bioloxía Animal" (anexo I) e do interesado, profesor Yanes Puga (anexo II), solicitando a modificación do perfil docente, cambiando o aprobado "Ecología e Ecología da Conservación" polo de "Ecología".

Intervén o profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor facendo consta-la súa abstención por non crer convenientes os cambios de perfil das prazas.

Apróbase a petición de modificación do perfil da praza.

Apróbase tamén a saída a BOE das seguintes prazas:

T04	555	TIT-UN	Vigo	Longo González, Mª Asunción
T04	555	TIT-UN	Vigo	Cameselle Fernández, Claudio
T08	385	TIT-UN	Vigo	Fernández Doval, Angel Manuel
T08	400	TIT-UN	Vigo	Varela Benvenuto, Ramiro
T12	560	TIT-UN	Vigo	Fernández Iglesias, Manuel J.

H06 814 TIT-EU Vigo Mascuñán Tolón, Patricia Silvia

Na praza H06, 814, TIT-EU, Vigo, ocupada polo profesor D. Luis Alonso Bacigalupe, teñense que cambia-los vocais secretarios suplentes por non ser TIT-EU; delégase no Vicerrector de Profesorado para que solicite a dita modificación.

Apróbase a saída a BOE desta praza.

Apróbanse as seguintes transformacións:

C04	220	Munilla Rumbao, Ignacio	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
C06	005	Quinteiro Sandomingo, Carmen	de PP2 a TIT-UN(I)
X03	135	Martínez García, Miriam	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6

Sobre as transformacións dos profesores PP1 a ASO-T2 T, o Vicerrector de Profesorado, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal indica que se ten que cumpri-lo Regulamento de Profesorado e os Estatutos da Universidade de Vigo e tomando como precedente as transformacións deste tipo realizadas na Xunta de Goberno do 20-12-96, propón que se manteña o paso de PP1 a ASO-T2 T, xa que é a única forma de non incumpri-los mencionados regulamentos.

Prodúcese un debate e a profesora Henríquez Salido fai consta-la súa abstención.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta do Vicerrector:	20 votos
-en contra da proposta:	0
-abstencións:	3

Apróbase a proposta, e segundo a mesma fanse as seguintes transformacións:

H01	185	Fariña Busto, M <sup>a</sup> José	de PP1 a ASO-T2 T
H03	370	Gómez Clemente, Xosé M <sup>a</sup>	de PP1 a ASO-T2 T
H03	370	Lorenzo Suárez, Anxo Manuel	de PP1 a ASO-T2 T
H05	033	Pérez Losada, Fermín Emiliano	de PP1 a ASO-T2 T
H06	814	Pereira Rodríguez, Ana M <sup>a</sup>	de PP1 a ASO-T2 T
T05	065	Pérez Pérez, Carmen	de PP1 a ASO-T2 T
X08	480	Martínez Domínguez, M <sup>a</sup> Blanca	de PP1 a ASO-T2 T
X08	480	Vallejo Pousada, Rafael	de PP1 a ASO-T2 T

No que se refire o contrato de baixa por maternidade, intervén D. Cándido Pérez Betanzos pedindo que sexa extensible este tipo de medidas a tódolos colectivos, indicándolle o Rector que a Xerencia xa está abordando o tema.

Apróbase a prórroga do contrato do profesor D. Benedicto Soto González durante o período de vacacións, posposto pola baixa por maternidade da profesora Marcet Miramontes.

Informa o Vicerrector de Profesorado, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal (anexo III), que para a toma de posesión dos profesores Anido Rifón e Fernández Vilas hai unha contradición do Regulamento de Profesorado e os Estatutos desta Universidade, por non atoparse aínda matriculados nos cursos de doutoramento.

Acórdase a contratación como PP1 con efectos retroactivos do 16-10-97 de D. Eulogio

Anido Rifón e D<sup>a</sup> Ana Fernández Vilas (T12-A560) .

O Vicerrector de Profesorado, D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal explica o problema que xurdiu no Departamento de "Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo" (anexo IV).

Intervén a Directora do Departamento, D<sup>a</sup> Marina Horjales Luaces (anexo V).

Un portavoz dos alumnos/as de Bioloxía manifesta o seguinte:

*"Os alumnos de 2º, 3º e 4º de Bioloxía queremos deixar constancia da nosa indignación polas negligencias cometidas, como que alumnos de "Ecofisioloxía Vexetal" de 4º estiveron 1 mes sen clase, ou alumnos de "Fisioloxía Vexetal I" de 2º que a día de hoxe aínda non comezaron as prácticas. Polo tanto, simplemente demandamos o dereito a un POD definitivo e de consenso no que se respecten as nosas necesidades.*

*Polo tanto rogamus que se celebre un Consello do Departamento de "Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo" e no que se defina o POD 97/98, nun prazo mínimo para que a representación das deficiencias neste censo sexan as mínimas posibles.*

*Así mesmo, demandamos a depuración das responsabilidades nas negligencias cometidas para que non haxa reincidencia posterior".*

Intervén o profesor Gallego Veigas quen solicita recurso de alzada ante a Xunta de Goberno (anexo VI).

Prodúcese un debate no que algúns membros da Xunta de Goberno indican que se deben mante-los acordos dos Departamentos, mentres que outros estiman que a Xunta de Goberno debe resolve-los problemas que se presenten por parte de membros dos Consellos de Departamento.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor da proposta Comisión de Docencia:	22 votos
-en contra da proposta:	6 votos
-brancos:	2

Apróbase:

1. Requiritir ó Departamento de "Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo" para que envíe ó Vicerrectorado de Profesorado unha nova proposta do POD, elaborada segundo as directrices:

a) No caso de que non exista consenso na área, e de acordo co artigo 19.2 do proxecto de Regulamento de réxime interno aprobado polo seu Departamento, utiliza-lo criterio de prelación por xerarquía de corpo e antigüidade para a elección da docencia; á vista dos informes do Xefe de Servicio de Persoal e da Asesoría Xurídica, en dita prelación terán prioridade os funcionarios numerarios, a continuación os funcionarios interinos e, finalmente, os profesores contratados.

b) Aplica-los artigos 136.2 e 153.1 dos Estatutos da Universidade de Vigo, os artigos 22.3 e 34.2.b do Regulamento de Profesorado e o artigo 19.1 do seu propio proxecto de Regulamento de réxime interno do Departamento, co obxecto de tender a que cada profesor se ocupe dunha soa materia e minimiza-lo número de profesores por materia e grupo.

2. Que, provisionalmente, a docencia das materias asignadas á área de "Bioloxía Vexetal" no Campus de Vigo no curso 1997/98 sexan impartidas polos profesores designados polo Departamento no POD correspondente ó curso 1996/97. A docencia da profesora D<sup>a</sup> Rosa Ana

Malvar Pintos deberá ser impartida polos profesores D. Pedro Pablo Gallego Veigas e D<sup>a</sup> Aida García Molares.

Presenta o **punto 2** o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto indicando que algún dos temas xa está resolto e a outros faltáballe información que tería que subministra-la profesora Henríquez Salido.

A profesora Henríquez Salido intervéen indicando que houbo unha falta de respecto ante as súas demandas nalgúns casos non subministrando a información.

O Secretario Xeral indica que por Resolución Rectoral de 31 de xullo de 1997, deben ser tratados en Xunta de Goberno os escritos presentados pola profesora Henríquez Salido (anexo VII).

Intervén a profesora Henríquez Salido lendo un escrito (anexo VIII).

O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez indica que no hai ánimo ningún de faltar á profesora e que se dará información sobre o expediente de D. Ramón Cao.

No que se refire á profesora Becerra Suárez, esta indicara que a documentación que se enviaba do Vicerrectorado de Profesorado era adecuada.

Presenta o **punto 3** o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García.

Apróbase a convocatoria de oposicións de Persoal Laboral grupo III (anexo IX) e a delegación no Xerente para a elaboración das bases da citada convocatoria.

No **punto 4**, o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez indica que de acordo cos Estatutos desta Universidade, a Xunta de Goberno aprobará a convocatoria de eleccións, aplicando o Regulamento de Réxime Interno do Claustro.

D. Horacio A. Villar Suárez solicita que se acorde que a Xunta de Goberno so trate asuntos de trámite.

O Sr. Rector indícalle que non é procedente a dita votación e que o claustro entrará en funcións unha vez que se convoquen as eleccións e a Xunta de Goberno, unha vez que se constituía o Claustro.

Apróbase por asentimento a convocatoria de eleccións para a renovación do Claustro Universitario (artigo 77.f) dos Estatutos), aplicando o Regulamento de Réxime Interno do mesmo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.15 h. do día 4 de novembro de 1997 da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto